

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na Lei de medidas fiscais e administrativas, aprobada o 16 de decembro de 2014, introdúcese no artigo 84, unha Disposición transitoria segunda na Lei 3/2008 de Ordenación da minería de Galiza, na que se dí:

“Disposición transitoria segunda. Réxime de concesión das explotacións reguladas pola disposición transitoria primeira da Lei 22/1973 , do 21 de xullo, de minas:

1. No caso das concesións reguladas pola Disposición transitoria primeira da Lei 22/1973, de 21 de xullo, de minas, a denegación da autorización da explotación por calqueira das causas legais determinará a caducidade dos dereitos mineiros correspondentes. Unha vez que a resolución denegatoria sexa definitiva por vía administrativa, o órgano mineiro competente incoará de oficio o procedemento de caducidade dos dereitos mineiros, que unha vez que finalice, implicará a cancelación da inscrición no Rexistro Mineiro de Galicia.
2. O disposto no punto anterior será aplicable aos casos de resolucións denegatorias ditadas con anterioridade á entrada en vigor da presente resolución.
3. Os titulares dos dereitos mineiros caducados conforme ao previsto no punto primeiro están obrigados a tomar cantas medidas sexan necesarias para deixar os traballos ou labores en boas condicións e garantir a seguridade das persoas e bens. Para estes efectos, e unha vez notificada a resolución de caducidade, dispoñerán do prazo de dous meses, para comunicar as medidas de seguridade á xefatura territorial que corresponda da Consellería competente en materia de minas, que, logo da comprobación material da explotación, autorizará o abandono ou impoñerá as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens.”

Neste caso atópase o proxecto de explotación para as concesións “Emilita”, número 1221, “Ciudad de Landró”, número 1454, e “Ciudad del Masma”, número 1455, que forman o coñecido como Grupo Mineiro Corcoesto, situado nos concellos de Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Coristanco, da provincia da Coruña, e promovido por Mineira de Corcoesto, S.L, xa que conta con resolución denegatoria definitiva por vía administrativa.

Polo tanto o que procede e que se incoe o pertinente expediente de caducidade previsto na Lei de medidas fiscais e administrativas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que en cumprimento do recollido na Lei de medidas fiscais e administrativas, aprobada en Pleno o 16 de decembro de 2014, incoe expediente de caducidade dos dereitos mineiros ás concesións “Emilita”, número 1221, “Ciudad de Landró”, número 1454, e “Ciudad del Masma”, número 1455, que forman o coñecido como Grupo Mineiro Corcoesto, situado nos concellos de Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Coristanco, da provincia da Coruña, de Mineira de Corcoesto, S.L.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 07/01/2015 11:30:19